



A partir de 12 anos



A partir de 16 anos



Chamádeme Simbad

Francisco Castro

O avó fai cousas raras. Esquécese de todo. Cámbialle o nome a todo o mundo, incluso ao seu neto, Paulo, que é o único que o entende e que cando o avó desaparece sabe como actuar.



Dragal I, a herdanza do Dragón

Elena Gallego Abad

Un dragón de pedra, un medallón de metal e un templo medieval...un misterio que Hadrián debe resolver.

Esto no es justo

Shally Nicholls

Sam, un rapaz de 11 anos, presentaranos a través do seu diario a visión que ten do mundo, increíblemente divertida se temos en conta a enfermidade que padece...



¡Menudos inventos!

Anita Van Saan

Unha variada colección de útiles inventos e explosivas ideas desde a agricultura ata o Mp3.

Nubes de Ketchup

Annabel Pitcher

A autora de *Mi hermana vive sobre la repisa de la chimenea* explora na súa nova novela os sentimentos do "amor e a culpabilidade".



Antoloxía do relato policial

Selección de J. Santamaría e P. Alonso

O lector descubrirá a fascinación que exerce o misterio e o pracer que produce resolvelo a través dos relatos de A. C. Doyle, Dashiell Hammett...

As fonteiras do medo

Agustín Fernández Paz

Cinco relatos desacougantes que traspasan os límites da realidade e cos que é posible viaxar a un mundo onde a palabra medo adquire unha nova dimensión



Guía del autoestopista galáctico

Douglas Adams

Un xoves, á hora de comer, a Terra é destruída para poder construír unha nova autopista interespacial. Á vista do sucedido, Arthur Dent fuxirá deste planeta cun amigo seu...

Irmán do vento

Manuel Lorenzo

A historia de Khaled, un rapaz dunha apartada aldea de Iraq, que ve como a súa vida cambia coa chegada da guerra. Unha historia de madurez persoal reflectida no protagonista e na dura realidade á que se ten que enfrontar.



El libro de los portales

Laura Gallego

Desenvólvese no fantástico mundo de Darusia, onde o principal método de transporte para as longas distancias son os Portais: debuxos que, ao activarse, permiten unir dous lugares no espazo e no tempo.

Deus xogando aos dados

Fernando Méndez

Un cura desaparecido, altas xerarquías eclesíásticas implicadas no tráfico de ouro nazi, mafiosos, oportunistas e catro escritores de fama internacional son os elementos cos que se tece a trama desta historia.



Quitter Dakar

Sophie-Anne Delhomme

Invitación para perderse polas rúas da capital senegalesa, pero no fluxo das memorias dun personaxe na busca de si mesmo. Forma parte dunha nova colección de textos literarios *Mondes en VF* da editorial Didier, nivel B1. Existe tamén a versión audio descargable en Intenet.



El misterio de la noria de Londres

Siobhan Dowd

Salim desaparece misteriosamente cando viaxaba na famosa noria de Londres. O curmán, Ted, posuidor dunha mente realmente prodixiosa, será o protagonista e narrador desta historia de suspense.

Cando Artur non era rei

Xabier López

A novela trasládanos a un tempo fascinante no que o mítico Artur era un mozote que compartía con Lanzarote e outros amigos camiño e aventuras.



La cravate de Simenon

Nicolas Ancion

Narra o percorrido dun rapaz de Liexa, nunha familia de grandes lectores. Forma parte dunha nova colección de textos literarios *Mondes en VF* da editorial Didier, nivel A2. Existe tamén a versión audio en Intenet.

¿Quién cuenta las estrellas?

Loi Lowry

Annamarie e Ellen teñen dez anos, son amigas e viven en Copenhague durante a ocupación nazi. Ellen e a súa familia veranse na obriga de escapar para non seren descubertos...





Laura no deserto

Antón Rivero Coello

Velaquí unha complexa acción sostida por membros dunha mesma familia que descubren feitos do pasado, ata entón agochados...



Instrucciones para una ola de calor


Maggie O'Farrell

Londres, verán de 1976: no transcurso dunha vaga de calor, o protagonista, recentemente xubilado, sae da casa pola mañá para mercar o xornal, pero non regresa....

Ardalén (Banda deseñada en galego)

Miguel Anxo Prado

Sabela tomou unha decisión persoal: quere saber a verdade do seu propio pasado....



O corazón de Xúpiter

Leticia Costas

Namorouse de Xúpiter a través da rede e quedaron para coñecerse en persoa. A vida de Isla dá un xiro inesperado e está a piques de cambiar para sempre.

Todo lo que era sólido

Antonio Muñoz Molina

É un espello no que todos debemos mirarnos; unha chamada para que reaccionemos, cada un dende o noso ámbito de actuación.



O gardián invisible

Dolores Redondo

As pesquisas da inspectora Salazar para descubrir o asasino de varias mozas lévana a ter que lembrar episodios terribles do seu pasado e descubrirse no seu presente, para poder así afrontar o futuro.



A cea

Herman Koch

Que valores transmiten os pais aos fillos nas sociedades desenvolvidas? Unha intrigante historia baseada en feitos reais que nos introduce en temas como o racismo, o clasismo, a violencia...

Clásicos

El asesinato de Roger Ackroyd

Agatha Christie

Mrs. Ferrari morre dunha sobredose de somníferos. Hai un ano, o seu home morreu dunha "gastrite aguda"; pouco despois R. Ackroid, o home máis poderoso da vila aparece morto cunha daga cravada no lombo... Estarán relacionadas as tres mortes?



La metamorfosis y otros relatos

Kafka

Gregorio Samsa é un comerciante de teas que vive coa súa familia, á que mantén. Unha mañá desperta convertido nun noxento insecto...

La sonrisa etrusca

José Luis Sampedro

Dúas relacións iluminarán os últimos anos da vida dun ancián: o descubrimento do seu neto, co que aprende a tenrura, e o amor dunha muller que, lle fai poñer en dúbida todos os seus valores.



A rateira

Agatha Christie

Uns inquietantes inquilinos, presuntamente relacionados cun asasinato cometido en Londres, converterán unha casa de hóspedes nunha posible trampa mortal ao xeito dunha rateira.

<http://sarmientobiblioteca.blogspot.com>

Biblioteca Sarmiento IES Curtis



Para ler de sol a sol